




# CONCELLO DE PARADA DE SIL

Campo da Feira n.º 1 – 32740 Parada de Sil (Ourense)  
Teléfono: 988 20 80 10



Remítolle certificado do acordo plenario de data 21 de decembro de 2016 relativo a unha moción presentada polo grupo socialista do Concello sobre a reinversión do superavit.-

Parada de Sil a 1 de febreiro de 2017.-

A Alcaldesa-Presidenta,

Asdo.- Yolanda Jácome Rodríguez

FEGAMP

Rúa do Varsovia 4C

15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



# CONCELLO DE PARADA DE SIL

Campo da Feira, 1  
32740 - Parada de Sil (OURENSE)  
Telef. e Fax: 988 20 80 10

Parada de Sil a 1 de Febreiro de 2017

**JOSÉ VILA DOCASAR,  
SECRETARIO DO CONCELLO DE PARADA DE SIL**

## CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita produciuse a seguinte resolución:

**21 de Decembro de 2016  
PLENO EXTRAORDINARIO**

### **4º.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE PARADA DE SIL SOBRE A REINVERSIÓN DO SUPERÁVIT.-**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Parada de Sil desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, deuda pública e regra de gasto.

O art. 11.4 da LOPESF sinala que "as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario", mentras que o art. 32, referido ó destino de superávit, sinala que "éste se destinará reducir o nivel de endeudamento".-

A lei 9/2013 de deuda comercial, modificou a lei para permitir ós Concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a inversións financeiramente sosteñibles, unha definición de inversións que recolleo o Decreto-lei 2/2014, de 21 de febreiro na súa DA 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: haber rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería, que houberen pagado antes as deudas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar deuda.

Ó longo destes anos esta situación trouxo consigo unha paradoxa: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren os seus obxetivos pero non poden invertir este aforro.

Nestes momentos a administración local converteuse na administración máis cumpridora con obxectivos marcados: a deuda local xa chegou este ano ós obxetivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto, o superávit das entidades locais, aporta ó computo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo os seus provedores.-

Por elo, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como plantexou a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, lle permita utilizar o superávit, que este ano ronda os 4500 millóns de euros.-



## CONCELLO DE PARADA DE SIL

Campo da Feira, 1  
32740 - Parada de Sil (OURENSE)  
Telef. e Fax: 988 20 80 10

Chegou a hora de que o goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos Concellos, cujas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir pondo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo inversións, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar.-

Os gobernos locais son a administración máis cercana ós cidadáns, e máis nestes momentos de crise, o Goberno non debe por trabas a súa labor na prestación de servizos públicos de calidade.-

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Parada de Sil presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando ó Goberno de España a:

1.- Permitir que as entidades locais reinvertan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.

A Corporación, por unanimidade, acorda aprobar dita moción nos seus propios termos.-

E para que así conste, e surta os efectos oportunos, expido o presente de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa-Presidenta, no lugar e data arriba indicada; coas reservas que establece o art. 206 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.-

Vº e Prace  
A ALCALDESA